

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

13186 *Real decreto 1208/2018, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolven os títulos preliminar, II e III da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado.*

A Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, inclúe nunha única norma as disposicións relativas ao nomeamento dos altos cargos introducindo novos mecanismos que garantan a idoneidade do candidato, que permitan unha análise previa da posible existencia de conflitos de intereses e que aseguren o control do órgano que ten asignadas as competencias en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses.

Por outra parte, a lei, ao aclarar o réxime retributivo, de protección social, de uso dos recursos humanos e materiais, así como das incompatibilidades que serán aplicables aos altos cargos incluídos no seu ámbito de aplicación, trata de solucionar os problemas que se foron manifestando durante a aplicación práctica das normas reguladoras desta materia.

Non obstante, a lei precisa da colaboración do regulamento e, para estes efectos, a disposición derradeira primeira da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, establece que o Goberno adoptará mediante real decreto as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

En cumprimento dese mandato lexislativo dítase a presente norma, cuxa finalidade é regular o seu ámbito de aplicación previsto no título preliminar da Lei 3/2015, a forma en que se deben efectuar as diferentes declaracións previstas na lei, así como o seu contido, os procedementos para garantir o cumprimento desas obrigacións e, en xeral, todos os preceptos daquela que requiran desenvolvemento regulamentario contidos nos seus títulos II e III.

En tal sentido, no capítulo I do regulamento precísase o ámbito de aplicación determinando cales son os cargos asimilados a que se refire o título preliminar da Lei 3/2015, do 30 de marzo, nas letras d) e f) do número 2 do seu artigo 1.

Este mesmo capítulo I tamén regula os procedementos para que a Oficina de Conflitos de Intereses teña coñecemento dos nomeamentos en postos de altos cargos en organismos e entidades do sector público, así como da documentación que debe recibir para comprobar se estes reúnen os requisitos previstos no artigo 2 da citada lei.

Así mesmo, no seu capítulo II régulanse as disposicións comúns ao Rexistro de Actividades e ao Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais dos Altos Cargos, cuxos respectivos réximes específicos se desenvolven nos capítulos III e IV, establecendo a súa dependencia e xestión a cargo da Oficina de Conflitos de Intereses, así como o contido das declaracións que os altos cargos deben presentar, as funcións da citada oficina ante o incumprimento destas obrigacións, así como o acceso a cada un deses rexistros. Neste sentido, cabe destacar que con esta disposición se promove o uso dos medios electrónicos, de acordo coas previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este real decreto cumpre cos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Deste modo, a súa adecuación aos principios de necesidade e eficacia explícase polo obxecto que persegue esta norma, polo cal se desenvolven determinados aspectos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, contidos nos seus títulos preliminar, II e III, que requiren a

aprobación deste regulamento. Neste sentido, desde a perspectiva da súa adecuación ao principio de proporcionalidade, este real decreto contén a regulación imprescindible para completar as previsións da lei que desenvolve, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Pola súa vez, este real decreto adecúase ao principio de seguridade xurídica, ao dotar de certeza e claridade a materia regulada, e é coherente co resto do ordenamento xurídico.

A adecuación ao principio de transparencia realízase mediante a regulación dos aspectos da Lei 3/2015 que se referiron máis arriba sobre publicidade, e ao feito de que a norma define claramente os seus obxectivos.

Por último, o principio de eficiencia maniféstase en que non impón cargas administrativas e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos para cumprir axeitadamente as obrigacións legais intrínsecas á condición de alto cargo, incluída a tramitación electrónica dos procedementos.

Así mesmo, esta disposición apróbase conforme o previsto no Plan anual normativo 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento polo que se desenvolve a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado.

Apróbase, en desenvolvemento dos títulos preliminar, II e III da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, o Regulamento cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional única. Non incremento do gasto público.

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento dos gastos de persoal e atenderanse cos recursos dispoñibles no Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Disposición transitoria única. Contido da publicación correspondente ao primeiro trimestre de 2019 de bens, dereitos e obrigacións patrimoniais.

A publicación prevista no artigo 13.4 do regulamento que se deba efectuar durante o primeiro trimestre de 2019 corresponderá ás declaracións de bens, dereitos e obrigacións patrimoniais formalizadas polos membros do Goberno e demais altos cargos que non fosen publicadas con anterioridade.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Autorízase a ministra de Política Territorial e Función Pública para desenvolver, no ámbito das súas competencias, o previsto neste real decreto e, en particular, para determinar mediante orde a data en que os interesados a que é de aplicación este regulamento teñan a obrigación de relacionarse a través de medios electrónicos coa Oficina de Conflito de Intereses nos procedementos previstos na Lei 3/2015, do 30 de marzo, e neste regulamento, de acordo co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto e o regulamento que mediante el se aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2018

FELIPE R.

A ministra de Política Territorial e Función Pública,
MERITXELL BATET LAMAÑA

REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVEN OS TÍTULOS PRELIMINAR, II E III
DA LEI 3/2015, DO 30 DE MARZO, REGULADORA DO EXERCICIO DO ALTO CARGO
DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento, en desenvolvemento dos títulos preliminar, II e III da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, ten por obxecto regular os instrumentos e procedementos para cumprir coas obrigacións previstas na dita lei.

2. As disposicións deste regulamento aplicaranse aos que teñan a consideración de altos cargos, conforme o establecido no artigo 1.2 da Lei 3/2015, do 30 de marzo.

3. Nos organismos e entidades do sector público estatal administrativo, fundacional e empresarial vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado consideraranse asimilados aos presidentes, aos vicepresidentes, aos directores xerais e aos directores executivos previstos na letra d) do artigo 1.2 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, aqueles que teñan a condición de máximo responsable por ser o conselleiro delegado do consello de administración ou asumir con funcións executivas a dirección dos órganos superiores de goberno ou administración dos organismos e entidades mencionadas e cuxo nomeamento se efectúe por decisión do Consello de Ministros ou dos seus propios órganos de goberno. Nas sociedades mercantís estatais en que a administración non se confíe a un consello de administración, será o administrador.

En todo caso, consideraranse asimilados os que de acordo coas súas normas reguladoras teñan expresamente atribuído o rango de director xeral ou superior.

4. Consideraranse equivalentes aos directores, aos directores executivos ou aos secretarios xerais dos organismos reguladores e de supervisión previstos na letra f) do artigo 1.2 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, aqueles que, vinculados ao organismo ou entidade por unha relación non funcionarial, teñan a condición de directivo, ben porque llela atribúa a súa lexislación reguladora, ou ben porque formen parte dos órganos superiores de goberno ou administración do organismo ou entidade aínda cando non teñan dereito a voto.

5. A Oficina de Conflitos de Intereses poderá solicitar á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas a información pertinente co obxecto de identificar os titulares dos postos a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo.

6. O presidente e os conselleiros permanentes do Consello de Estado, de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, poderán presentar nos rexistros de altos cargos da Oficina de Conflitos de Intereses as declaracións de actividades e de bens e dereitos patrimoniais que estean obrigados a formular.

Artigo 2. *Obrigacións dos organismos e entidades do sector público de actualizar a información remitida á Oficina de Conflitos de Intereses.*

1. No prazo de sete días desde que se produza o nomeamento ou cesamento dun alto cargo comunicarán e informarán do seu nomeamento ou cesamento, de acordo cos modelos aprobados para tal efecto, á Oficina de Conflitos de Intereses:

a) O responsable do departamento de Recursos Humanos dos organismos e entidades do sector público estatal.

b) Os secretarios dos órganos de administración ou de goberno das entidades públicas ou privadas con representación do sector público estatal.

2. Os suxeitos mencionados nas letras a) e b) do número anterior serán responsables da actualización dos datos e do seu envío electrónico no prazo establecido.

Artigo 3. *Presentación de documentos.*

Todas as declaracións e o resto de comunicacións e documentos a que se refire este regulamento se realizarán de forma electrónica seguindo os modelos aprobados para o efecto por orde da ministra de Política Territorial e Función Pública.

Artigo 4. *Nomeamento de altos cargos*

1. Corresponde ás secretarías xerais técnicas respecto do seu departamento ministerial, así como de cada organismo e entidade do sector público estatal, fundacional e empresarial, a través do órgano competente de cada un deles, de acordo coa súa respectiva adscrición ou relación departamental, recompilar a seguinte documentación:

- a) Modelo de declaración responsable, a que se refire o artigo 2.5 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, subscrita polo candidato proposto para alto cargo.
- b) Modelo de curriculum vitae aprobado para o efecto, subscrito polo candidato proposto para alto cargo.

2. Ambos os documentos serán examinados polo órgano competente para a proposta de nomeamento con carácter previo a este. No prazo dos sete días seguintes ao seu nomeamento, o alto cargo deberá remitir á Oficina de Conflitos de Intereses os documentos previstos no número anterior xunto co seu certificado de antecedentes penais.

Artigo 5. *Declaración para a abstención do alto cargo*

A abstención do alto cargo a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 12 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, realizarase de conformidade cos modelos aprobados para o efecto.

Se a abstención se produce durante a reunión dun órgano colexiado, a dita abstención constará en acta e será comunicada polo secretario do órgano colexiado no prazo dun mes ao Rexistro de Actividades, de conformidade cos modelos aprobados para o efecto.

CAPÍTULO II

Disposicións comúns ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos e ao Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais de Altos Cargos

Artigo 6. *Dependencia e xestión dos rexistros.*

1. O Rexistro de Actividades de Altos Cargos e o Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais de Altos Cargos, ambos os dous dependentes da Oficina de Conflitos de Intereses, xestionarán a inscrición, o depósito e a custodia das declaracións e comunicacións previstas neste regulamento, así como a cancelación das inscricións practicadas, coas axeitadas garantías de seguridade, inalterabilidade e arquivamento dos datos e documentos almacenados.

2. O tratamento e, se é o caso, a comunicación dos datos contidos nas declaracións ou comunicacións previstas neste regulamento someterase ao disposto na lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. *Información sobre as obrigacións de declarar.*

Cando a Oficina de Conflitos de Intereses teña coñecemento da toma de posesión ou de cesamento dun alto cargo, como consecuencia da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», polas comunicacións a que se refire o artigo 2 deste regulamento ou por outro medio, dirixirase ao interesado co fin de informalo sobre as obrigacións da Lei 3/2015, do 30 de marzo, en relación co exercicio doutras actividades públicas ou privadas e, en especial,

sobre as obrigacións de formular as declaracións a que se refire a lei e facilitaralle toda a documentación e información necesarias para o seu cumprimento.

Artigo 8. Emenda das declaracións e causas de incompatibilidade.

1. Se se aprecian deficiencias formais na declaración ou falta da documentación exixible, requirirase o interesado para que no prazo dun mes as emende.

2. Considéranse deficiencias formais as seguintes:

a) Omisión de calquera dos datos identificativos do declarante.
b) Confusión, erro ou imprecisión nas declaracións.
c) A existencia nas declaracións de palabras riscadas, emendadas ou entre liñas, que non estean salvadas polo declarante coa súa sinatura e ofrezan dúbidas ao persoal da Oficina de Conflito de Intereses.

d) Outros erros materiais.

3. Se a Oficina de Conflitos de Intereses aprecia que o alto cargo está incurso nalgunha das causas de incompatibilidade a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, informará desta circunstancia o declarante. Se no prazo de quince días desde que foi informado, non contesta, ou se da súa contestación se segue a apreciar causa de posible infracción ou de incompatibilidade, será requirido e outorgaráselle un segundo prazo de quince días para achegar os datos necesarios, e informarse de que, de non se realizar a dita achega, se continuará cos trámites correspondentes do procedemento administrativo para o exercicio da potestade sancionadora, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. As declaracións que se reciban nos rexistros serán comparadas coas inscritas con anterioridade.

De apreciarse a existencia de diverxencias entre estas, comunicaráselle ao interesado para que o aclare no prazo dun mes.

Se esta aclaración non se produce ou non se considera suficiente, a Oficina de Conflitos de Intereses iniciará as actuacións e os trámites previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o exercicio da potestade sancionadora, por constituír infracción tipificada no artigo 29.2.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 9. Permanencia das declaracións nos rexistros.

Transcorrido o prazo de seis anos desde o momento do cesamento do alto cargo, procederase á destrución dos datos de carácter persoal contidos nas declaracións, nos termos previstos no Real decreto 1164/2002, do 8 de novembro, que regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal, e de acordo coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal. Este prazo non se aplicará a aqueles documentos respecto dos que subsista o seu valor probatorio de dereitos e obrigacións das persoas físicas, conforme o artigo 3 do citado Real decreto 1164/2002, do 8 de novembro.

CAPÍTULO III

Rexistro de Actividades de Altos Cargos

Artigo 10. Obxecto e publicidade do Rexistro de Actividades de Altos Cargos.

1. O Rexistro de Actividades de Altos Cargos ten por obxecto a xestión, o depósito e a custodia das declaracións a que se refiren os artigos 2, 7, 15 e 16 da Lei 3/2015, do 30 de marzo.

2. O Rexistro de Actividades de Altos Cargos ten carácter público e réxese polo disposto na Lei 3/2015, do 30 de marzo, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e nas correspondentes normas de desenvolvemento das leis citadas.

3. As persoas que desexen coñecer as declaracións depositadas no Rexistro de Actividades de Altos Cargos poderán presentar electronicamente unha solicitude da certificación do seu contido indicando o cargo de cuxo titular se desexa coñecer as declaracións de actividades. Se na solicitude non se expresa outra cousa, entenderase que a solicitude se refire á persoa que ocupa o cargo no momento de efectuarse a solicitude.

Non serán admisibles as solicitudes xenéricas, nin aquelas en que non apareza claramente identificada a persoa solicitante da información ou o titular do alto cargo de que se solicita a certificación. A Oficina de Conflito de Intereses solicitará a emenda destas solicitudes, nos termos e cos efectos previstos na lexislación de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. *Contido da declaración de actividades.*

1. Os altos cargos presentarán a declaración de actividades previstas no artigo 16 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, de conformidade co modelo aprobado para o efecto, no prazo improrrogable de tres meses desde a data de toma de posesión do cargo e do cesamento, respectivamente, así como cada vez que o alto cargo inicie unha nova actividade económica durante o período de dous anos desde o seu cesamento.

2. Na dita declaración manifestarase se se recibe calquera outra remuneración ou percepción con cargo aos orzamentos das administracións públicas ou organismos ou entidades vinculadas ou dependentes destas, así como calquera outra remuneración ou percepción que, directa ou indirectamente, proveña dunha actividade privada.

Artigo 12. *Procedemento para presentar as declaracións de actividades privadas no momento do cesamento.*

1. As persoas que cesasen no exercicio das funcións de altos cargos e durante os dous anos seguintes dirixirán ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos unha comunicación de acordo co seguinte procedemento:

a) O interesado deberá remitir a comunicación ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos con carácter previo á iniciación da actividade que vaia realizar e pronunciarse, polo menos, sobre os seguintes aspectos:

1.º Actividade privada que vaia desempeñar, especificando se se vai realizar a actividade privada por conta propia ou allea. Neste último suposto, indicaranse os datos que identifiquen a empresa ou entidade para a cal vaia traballar e, ademais, o obxecto social desta.

2.º Declaración expresa de que a dita actividade privada non está relacionada directamente coas competencias do cargo desempeñado, para estes efectos, e de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 3/2015, do 30 de marzo.

Esta comunicación irá acompañada da documentación xustificativa que a persoa interesada considere oportuna.

b) Unha vez recibida a comunicación da persoa interesada, a Oficina de Conflitos de Intereses poderá solicitar, do departamento ministerial ou organismo ou entidade en que a persoa declarante desempeñase o seu último posto de alto cargo, a información necesaria para ditar a resolución.

2. Se a Oficina de Conflitos de Intereses considera a concorrencia da prohibición establecida no artigo 15 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, comunicarllelo, no prazo dun mes desde a presentación da declaración, á persoa interesada e á entidade en que vaia prestar os seus servizos, que dispoñerán dun prazo de quince días para formular alegacións.

Se a resolución da Oficina de Conflitos de Intereses é desfavorable e a persoa interesada inicia a actividade privada, a Oficina de Conflitos de Intereses propoñerá ao órgano competente a iniciación do procedemento administrativo para o exercicio da potestade sancionadora.

CAPÍTULO IV

Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais de Altos Cargos

Artigo 13. *Obxecto e carácter reservado do Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais de Altos Cargos.*

1. O Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais de Altos Cargos ten carácter reservado e ten por obxecto a xestión, o depósito e a custodia das declaracións de participacións e de bens e das copias dos contratos e das declaracións tributarias que tivese obrigación de presentar o alto cargo, de conformidade co previsto nos artigos 14, 17 e 18, respectivamente, da Lei 3/2015, do 30 de marzo.

2. Os altos cargos están obrigados a formular as declaracións patrimoniais comprensivas da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigacións.

3. Só poden ter acceso ás declaracións existentes neste rexistro os seguintes órganos:

a) O Congreso dos Deputados e o Senado, de acordo co que establezan os regulamentos das cámaras, así como as comisións parlamentarias de investigación que se constitúan.

b) Os órganos xudiciais, para a instrución ou resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos que constan no Rexistro, de conformidade co disposto nas leis procesuais.

c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos existentes no Rexistro.

4. De conformidade co disposto no número 5 do artigo 21 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, durante o primeiro trimestre de cada ano natural publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» as declaracións de bens, dereitos e obrigacións patrimoniais dos altos cargos cuxa toma de posesión ou cesamento se producise no ano anterior.

Artigo 14. *Contido das declaracións de bens e dereitos patrimoniais.*

1. Os altos cargos presentarán as declaracións previstas no artigo 17 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, de conformidade co modelo aprobado para o efecto, no prazo improrrogable dos tres meses seguintes á data de toma da súa posesión e cesamento.

2. Os altos cargos presentarán copia da declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas no prazo de tres meses desde a conclusión dos prazos legalmente establecidos para a presentación do dito documento ante a Administración tributaria, salvo que xa figuren na Oficina de Conflitos de Intereses.

Non será exixible o cumprimento desta obrigación anual cando non transcorresen tres meses desde a toma de posesión do alto cargo e este remítase a documentación exixida.

Artigo 15. *Tenza e transmisión de participacións societarias.*

1. Cando o alto cargo posúa participacións societarias nos termos previstos no artigo 14 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, presentará a correspondente declaración con indicación dos seguintes datos:

- a) Nome, obxecto social e denominación da empresa en que se participa.
- b) Porcentaxe de participación do alto cargo nas empresas.
- c) Concertos ou contratos, de calquera natureza, que a empresa subscribise co sector público estatal, autonómico ou local que se encontren en execución no momento da declaración.

d) Subvencións provenientes de calquera Administración pública que recibise a empresa.

e) Data da transmisión da participación e natureza desta.

2. Unha vez que se realizase a transmisión das ditas participacións societarias, o alto cargo dispoñerá dun mes para comunicalo á Oficina de Conflictos de Intereses.